




DILINAME | GZ0011 | GALIZA 11

# BLOQUE NACIONALISTA GALEGO. PROGRAMA POLÍTICO E ORGANIZATIVO




DIGITAL LIBRARY OF NATIONAL  
MOVEMENTS IN EUROPE  
CENTRE MAURITS COPPIETERS



# BLOQUE NACIONALISTA GALEGO. PROGRAMA POLÍTICO E ORGANIZATIVO

## CATALOGUING DATA

<b>ID:</b>	GZ0011
<b>Nation / region:</b>	Galiza
<b>Epoch:</b>	Second half of the twentieth century
<b>Title:</b>	Galician Nationalist Bloc (BNG). Political and organisational programme
<b>Original title:</b>	Bloque Nacionalista galego (BNG). Programa político e organizativo
<b>Category:</b>	Foundational documents for political movements
<b>Description:</b>	Foundational document of the organization Galician Nationalist Bloc, which condenses ideological, political and organisational principles, approved during the first National Assembly.
<b>Language:</b>	Galician
<b>Date:</b>	September, 1982
<b>Author(s):</b>	Bloque Nacionalista Galego (BNG)
<b>Reference persons:</b>	Beiras Torrado, Xosé Manuel; Álvarez, Bautista; Rodríguez, Francisco
<b>Keywords:</b>	Galician nationalism, nation, socialism, Galician Nationalist Bloc, selfgovernment, assembly



## CONTEXTUALIZACIÓN

A evolución dos acontecementos no escenario da reforma política no Estado Español a finais dos anos setenta e primeiros anos oitenta sitúan ao nacionalismo galego ante un contexto hostil, nomeadamente para o sector que mantén como principal obxectivo político a ruptura democrática. Ante esta situación crítica, xorde unha iniciativa dirixida a constituír un novo proxecto de carácter frontista con capacidade para adaptarse ao novo contexto sociopolítico a partir da integración do nacionalismo nunha única organización. Esta proposta vaise concretar nun proceso constituínte, no que participan partidos políticos, colectivos e persoas a título individual, que culmina en setembro de 1982 na Asemblea fundacional do Bloque Nacionalista Galego. Nesta Asemblea débete-se e aprobouse este manifesto que vai funcionar como o marco estatutario básico do BNG até mediados dos anos noventa.

## RESUME

Neste documento condénsanse os principios ideolóxicos, políticos e organizativos do Bloque Nacionalista Galego. A estrutura e mesmo o contido do manifesto fundacional dan conta da natureza do proceso constituínte que resulta da converxencia de diferentes proxectos políticos.

O manifesto estrutúrase en catro partes, unha primeira na que se contextualiza a alternativa unitaria como ferramenta necesaria e imprescindible para conseguir os obxectivos do nacionalismo; na segunda parte concréntanse os principios ideolóxico-políticos que van definir os alicerces fundamentais da organización, tanto no plano operativo como no estratéxico, e os principios comúns dos fundadores que, ao mesmo tempo, configúranse como o sustento da unidade organizativa; na terceira parte fíxanse os obxectivos políticos inmediatos do BNG a partir do rexeitamento da reforma política iniciada en 1975 e nomeadamente da Constitución e do marco autonómico. A última parte do documento determina os principios organizativos básicos que van rexer o funcionamento do BNG, destacando o seu carácter asembleario e o pluralismo político.

## FRAGMENTOS

“Todas as forzas políticas, organizacións, colectivos e persoas que asumimos a formulación dunha alternativa unitaria do nacionalismo, facémolo convencidos de que son máis os criterios que nos unen, nesta etapa histórica, que os que nos separan.”

“GALICIA É UNHA NACION, e polo tanto ten dereito á autodeterminación política que, de ser real, ha de concretarse nunha alternativa de Soberanía Nacional, marco imprescindible para exercer o control popular de todos os recursos da sociedade galega. O pobo galego consecuentemente ten dereito a exercer o poder constituínte que desemboque no pleno exercicio da Soberanía Nacional.”

“A constitución española é a plasmación legal da negación da nosa soberanía nacional, consagra un orden económico-social capitalista e posibilita, ademais, o recorte do exercicio das liberdades democráticas, feitos polas que non a aceptamos.”

“Recoñece-se explicitamente a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas paritdárias no seo do nacionalismo galego, así coma distintas formulacións estratéxicas cara o exercicio pleno da nosa soberanía nacional. Recoñécese, polo tanto, a existencia da diversidade de tendencias políticas no seo da Organización aínda que a adscripción e militancia serán individuais.”

# BLOQUE NACIONALISTA GALEGO. PROGRAMA POLÍTICO E ORGANIZATIVO

## ALTERNATIVA POLÍTICA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

### 1.-ADRO

Todas as forzas políticas, organizacións, colectivos e persoas que asumimos a formulación dunha alternativa unitaria do nacionalismo, facémolo convencidos de que son máis os criterios que nos unen, nesta etapa histórica, que os que nos separan. Asemade, coincidimos en que a formulación orgánica da unidade necesaria debe facerse a partir do respecto pola diversidade ideolóxico-política que constitue o nacionalismo real. Partindo deste respecto é posible unha unidade e a existencia dun campo definido e eficaz de militancia, non obstante, para ser ferramenta útil e positiva para o noso pobo, ha de basearse en puntos mínimos, pero perfectamente definidos e irrenunciábeis, sen os cais estaríamos a constituír un fraude político.

Trátase de facer unha Organización o máis ampla posible que posibilite a penetración do nacionalismo no tecido social galego: por iso necesítanse unhas estruturas abertas, democráticas, participativas, combinando todo isto cunha certa disciplina e eficacia para facela efectiva.

Trátase de organizar a resistencia do pobo galego, facer pular o avance do nacionalismo e clarificar a situación política da nosa nación en todos os eidos posibles de traballo común. Así, veríase de:

1. Propiciar a unidade do sindicalismo nacionalista nunha única Central sindical que hexemone os procesos tendentes a superar a división do movemento obreiro galego, no camiño do obxectivo devantado.
2. Reforzar a introducción social do nacionalismo nos sectores labrego e mariñeiro.
3. Utilizar a vía política, que supón combinar axeitadamente o traballo organizativo, de mobilización e loita, de concienciación do noso pobo, sen deixar campo valeiro

dende as institucións até as plataformas electorais, concurrindo aos procesos electorais sempre que sirvan como ferramenta de clarificación e avance para a conciencia nacional.

4. Promover ou potenciar calquer iniciativa de auto-organización das clases populares, tanto en Galicia como na emigración, que non sexa contraditoria cos nosos principios, diudadáns , viciñais, ecolóxicas, feministas, mocidade, estudantil, grupos marxinais, etc...
5. Combater o confusionismo político mediante a clarificación e identificación dos inimigos e dos perigos que está a correr o país, e estudo dos métodos máis aconsellábeis para defender os intereses das clases populares e a identidade nacional de Galicia.

## 2.-PRINCIPIOS IDEOLÓXICO-POLÍTICOS

**GALICIA É UNHA NACION**, e polo tanto ten dereito á autodeterminación política que, de ser real, ha de concretarse nunha alternativa de Soberanía Nacional, marco imprescindible para exercer o control popular de todos os recursos da sociedade galega. O pobo galego consecuentemente ten dereito a exercer o poder constituente que desemboque no pleno exercicio da Soberanía Nacional.

**DEMOCRACIA:** O principio democrático é fundamental como inerente ao exercicio do poder polo pobo, en condicións de igualdade e liberdade real e non só formal.

**ANTIMONOPOLISMO E INTERESES POPULARES:** A Política democrática debe estar encamiñada á defensa dos intereses do pobo e dirixida á liquidación dos monopólios.

**AUTO-ORGANIZACIÓN :** Consideramos básico o principio da auto-organización nacional (Sindicatos, partidos, organizacións de masas...) para defender axeitadamente os intereses da nación galega, rexeitando toda clase de colonialismo político de calquer tendencia ideolóxica.

**GALICIA E O COLONIALISMO:** Partindo do feito de que Galicia está sumetida a unhas relacións de dependéncia colonial, a actividade política enamíñase a tronzar esa dependéncia.

**ANTI-IMPERIALISMO:** Para a nosa política, dirixida á consecución dunha Galicia liberada, é clave o principio de anti-imperialismo militante, polo que a Organización se define pola solidariedade internacional e apoia todas as loitas dos pobos do Estado e do Mundo por conseguiren a súa liberación nacional. Xa que logo , somos contrários á C.E.E e a O.T.A.N por seren Organizacións, a nivel económico e político-militar, que representan os intereses dos grandes monopólios e do imperialismo europeu-occidental e americano.

**PAZ MUNDIAL E DESARME:** A Organización defínese pola paz mundial e o desarme.

**MODELOS SOCIAL:** A Organización unitaria do nacionalismo galego orientará a súa loita política cara a un modelo social que teria como liñas directrices e trazos esenciais os seguintes:

- O desenvolvemento socioeconómico capaz de romper a dependéncia colonial da economía galega e mudar cualitativamente as condicións de vida e de traballo

para o benestar de todo o pobo, devolverlle o poder de decisión sobre os seus recursos e a súa actividade económica, eliminar o paro e asegurarlle un nivel de vida digno na propia terra coa recuperación dos emigrantes.

- Iniciativa e control da política de formación e inversión dos recursos financeiros, a empezar polo aforro galego que hoxe se derrama, malinverte ou expatria, como peza clave dun desenrolo económico autocentrado, coa creación das entidades públicas galegas de crédito adecuadas a tal fin.
- Control e nacionalización, no seu caso, dos recursos mineiros estratéxicos para a nosa economía e fundamentais para o desenvolvemento dos procesos de transformación acaídos en función das necesidades e do progreso material da sociedade galega (do pobo galego).
- Socialización dos recursos enerxéticos e nacionalización da súa extracción , produción e distribución.
- Desenvolvemento dos sectores agrario e pesqueiro da economía galega, na perspectiva dunha modernización (millora) constante e asisada das suas estruturas, a partir dunha reforma agraria e dunha reordenación da pesca feita coa participación activa dos labregos e os mariñeiros e en función dos seus intereses.
- Industrialización do país conxugando os criterios de creación de emprego cualificado, produtividade e rentabilidade social, articulando un sector industrial non dependente, dinámico, diversificado e capaz dunha explotación e transformación racional dos recursos básicos galegos.
- Deseño e realización dunha política económica específica para os sectores en crise por causa da estratexia económica do Estado español e da crise económica internacional.
- Reforma urbana e ordenación do territorio, partindo da realidade histórica e xeográfica do noso País e en función do interés social.
- Instauración dun servizo nacional da saude, gratuito para toda a poboación.
- O Ensino estará en función dos intereses populares e enraigado na realidade galega sendo ademais laico, estatal e coeducativo.
- Acadar a normalización do Idioma e da Cultura, até conseguir que o galego sexa, na práctica, o Idioma de Galicia.

### 3.- O MARCO POLÍTICO

O nacionalismo galego está pola ruptura co actual Réxime político por canto representa a negación explícita e agresiva dos principios anteriores e atenta gravemente contra as liberdades fundamentais para os cidadáns e as Nacións que integran o Estado español. Neste último aspecto, loitaremos pola consecución da amnistía para todos os presos nacionalistas, antifascistas e prsos sociais, pola democratización real do aparello administrativo do Estado, incluído a policía, a xusticia e o exército, e defenderemos o exercicio das liberdades democráticas, e en especial a liberdade de expresión.

- A consitución española é a plasmación legal da negación da nosa soberanía nacio-

nal, consagra un orden económico-social capitalista e posibilita, ademáis, o recorte do exercicio das liberdades democráticas, feitos polas que non a aceptamos.

- No marco autonómico non teñen solución os problemas de Galicia, polo que ten que ser superado cualitativamente. Aínda unha autonomía dotada de todo contido que permite a Constitución, pola súa propia natureza é incapaz de servir para resolver a nosa problemática, anque funcionase óptimamente.
- A nosa actuación política, no contexto formado pola Constitución e a Autonomía, non o lexitimarán, e agudizaremos as contradicións existentes, acutaremos con iniciativas que supoñan o aumento da conciencia nacional e política do noso pobo e a mellora das condicións de vida e a creación de condicións obxectivas que permitan a súa superación.

## **PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS**

### **1.- DEMOCRACIA**

O funcionamento democrático é o único compatíbel cos obxectivos que se persiguen, garantirásese a todos os niveis: información, debate, toma de decisións e xestión.

### **2.- CARACTER ASAMBLEARIO**

A Organización, que se pretende plural, aberta e participativa, baseará a súa dinámica de funcionamento e decisión política en formulacións assemblearias. Os representantes estarán suxeitos a mandato imperativo, polo tanto poderá ser revocados polos electores.

### **3.- PLURALISMO POLÍTICO**

Recoñece-se explicitamente a existencia de distintas opcións políticas, ideolóxicas e organizativas paritdárias no seo do nacionalismo galego, así coma distintas formulacións estartéxicas cara o exercicio pleno da nosa soberanía nacional. Recoñécese, polo tanto, a existencia da diversidade de tendencias políticas no seo da Organización aínda que a adscrición e militancia serán individuais.

### **4.- MAIORÍAS E MINORIAS**


A posición oficial da Organización determinarásese por maioritaria. Garantizarásese o dereito das posicións minoritárias á súa defensa pública, discrepando lexitimamente da opción maioritaria.

### **5.- LIBERADE DE EXPRESIÓN**

O necesario debate que se ten de producir no seo do nacionalismo galego leva-nos á defensa a ultranza da liberdade de expresión non só para as distintas opcións organizadas sinón tamén a título individual para todos os membros.

### **6.- DIREITO A DISCREPANCIA PÚBLICA**

O dereito á defensa pública das posicións minoritárias e o de defensa da liberdade de expresión concretarásese no dereito á discrepancia pública sempre que na práctica non plantexe unha contradición operativa que leve ao bloqueo ou ao boicot da decisión maioritaria.



## **7.- ESTRUCTURACIÓN TERRITORIAL**

A Organización estruturarase en distintos niveis territoriais. Non se contempla a estruturación seitorial incompatible co seu carácter asembleáreo.

